

Venres, 14 de maio de 2021

Núm. 91

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PONTEAREAS**

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO-GRATUÍTO*

*ANUNCIO*

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO-GRATUÍTO*

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria levada a cabo o 23 de febreiro de 2021, acordou aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN da Ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado-gratuíto.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 44, do 5 de marzo de 2021, publicouse o anuncio da aprobación inicial, sometendo o expediente a un período de información pública e audiencia, por prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación para a presentación de reclamacións e suxestións.

Ao non terse presentado alegación ou reclamación algunha, enténdese aprobada definitivamente a modificación da Ordenanza (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 43, do 29 de febreiro de 2008), coa seguinte redacción:

*Artigo 1.*

*Substituír:* “(...) das disposicións contidas no R.D. legislativo 339/90, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como o R.D. 1.398/93, do 4 de agosto que aproba o regulamento do procedemento do exercicio da potestade sancionadora”

*Por:* “(...) das disposicións contidas no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria”.

*Artigo 2.*

*Substituír:* “(...) e no art. 7 do texto articulado da Lei sobre tráfico e circulación e seguridade viaria do 2 de maio de 1990 (R.D. legislativo núm. 339) (...)”

*Por:* “(...) e no artigo 7 do Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (...)”.



Venres, 14 de maio de 2021

Núm. 91

*Substituír:* “(...) limitando o aparcamento de vehículos a un período de tempo máximo dunha hora e trinta minutos.”

*Por:* “(...) limitando o aparcamento de vehículos a un período de tempo máximo.”

### Artigo 3.

*Substituír:* “(...) determinaranse por medio dun Bando da Alcaldía (anexo 1) (...)”.

*Por:* “(...) determinaranse por medio dun Bando da Alcaldía (...)”.

*Substituír:* “c. O período máximo de permanencia dun vehículo en zona azul será dunha hora e trinta minutos”.

*Por:* “c. O período máximo de permanencia dun vehículo en zona azul será o que se estableza por medio dun Bando da Alcaldía para cada zona”.

*Substituír:* “e. Quedan excluídos desta limitación os vehículos da policía, protección civil, bombeiros, ambulancias e persoal sanitario en servizo de urxencia”.

*Por:* “e. Quedan excluídos desta limitación os vehículos da policía, protección civil e bombeiros. Asemade, quedan tamén excluídos ambulancias e persoal sanitario e de axuda no fogar autorizados ou en servizo de urxencia”.

*Substituír:* “d. Os vehículos poderán aparcar e desaparcar as veces que estime oportuno, sen exceder durante a xornada a hora e trinta minutos de que dispón”.

*Por:* “d. Os vehículos poderán aparcar e desaparcar as veces que estimen oportuno, sen exceder, en cada período de tempo continuado (de mañá ou de tarde), o horario máximo establecido. O Concello poderá implementar o sistema operativo que lle permita á persoa usuaria escoller unha duración do estacionamento inferior ao máximo permitido e que posibilitará novos estacionamentos posteriores até consumir o tempo máximo establecido”.

*Substituír:* “f. Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandonar o estacionamento e non poderá volver estacionar durante o horario establecido para limitación de estacionamento durante esa xornada”.

*Por:* “f. Tras concluir o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandonar o estacionamento e non poderá volver estacionar durante o horario establecido para limitación de estacionamento durante ese período de tempo continuado (de mañá ou de tarde)”.

*Substituír:* “g. O horario de limitación comprenderá dende as 9:00 horas ata as 14:00 horas. Agás os domingos, e festivos non laborables, que non haberá limitación”.

*Por:* “g. A limitación aplicarase exclusivamente aos días laborábeis, incluídos como tales os sábados até as 14:00”.

### Artigo 6.

*Substituír:* “e. Estacionar de novo durante a mesma xornada o vehículo, unha vez superado o período de estacionamento limitado.”



Venres, 14 de maio de 2021

Núm. 91

*Por:* “e. Estacionar de novo o vehículo, durante o mesmo período de tempo continuado (mañá ou tarde), unha vez superado o período de estacionamento limitado.”

#### *Artigo 8.*

*Substituír:* “O procedemento sancionador aplicábel a esta ordenanza, así como as sancións correspondentes, serán as mesmas que as da Ordenanza de circulación, quedando recollidas no cadro adxunto os feitos non recollidos na devandita ordenanza”.

*Por:* “O procedemento sancionador aplicábel a esta ordenanza será o previsto no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e no Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. As sancións serán as recollidas no cadro adxunto”.

*Substituír no cadro* “Estacionar na zona azul colocando o ticket de xeito que non permita a súa comprobación.”

*Por:* “Estacionar na zona azul sen título habilitante específico que o autorice ou colocalo de xeito que non permita a súa comprobación”.

*Anexo 1. Suprimir*

*Anexo 2. Suprimir*

*Anexo 3. Converter en anexo I*

Unha vez publicado no BOP de Pontevedra o acordo de aprobación definitiva da modificación, publicarase tamén no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e no portal de transparencia.

A entrada en vigor da modificación producirase no prazo de 15 días hábiles a contar dende a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

Contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O secretario municipal

Carlos López Quintáns

De conformidade co artigo 3.2 j) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional

(Documento asinado electronicamente)

